

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á EXPOSICIÓN “OLLADAS” E AO “II CONGRESO DE XÉNERO, MUSEOS, ARTE E MIGRACIÓN”

En paralelo ao plan xeral de “A ARTE DE SER MULLER NUN MUNDO POR COMPARTIR 5.0”, nos catro museos da Rede Museística levaranse a cabo diversas actividades didácticas sobre temas de igualdade en base a tres ideas principais: Xénero-Museos; Xénero-Arte; e Xénero-Migración. Propostas que se deseñan tendo en conta o perfil de cada museo: *Muller rural* en San Paio de Narla; *Muller e mar* no Museo Provincial do Mar; *Muller, clases sociais e discapacidade* no Museo Pazo de Tor; e *Muller e arte* no Museo Provincial de Lugo. Dirixidas ás comunidades coas que a Rede leva tempo traballando, a proposta didáctica concrétese nas seguintes actividades:

PARA ESCOLARES:

CONCURSO OLLADAS A MIÑA FAMILIA ANTES E AGORA

(ver Bases na web da Rede)

CONCURSO MELLOR RELATO SOBRE RUEIROS EN FEMININO

(ver Bases na web da Rede)

PARA TOD@S:

MULLER E ARTE: Parladoiros con

MULLER E RELIXIÓN: Parladoiros con

MULLER E MIGRACIÓN: *Mulleres de aquí e dacolá*. Os países de referencia serán desta volta Uruguai, Perú, República Dominicana, Alemaña, Brasil, Marrocos e Colombia.

ÁLBUM DE RECORDOS DE MULLERES

Club Senior (nos 4 museos da Rede)

A través do relato e de fotografías, as persoas participantes poñerán en valor e recordaran o papel que xogaron as mulleres nas súas vidas, manifestando os diversos roles que a muller asume na sociedade actual e pasada: as mulleres como nais, fillas, netas, avoas. Un recordo que ben pode ser persoal, das propias mulleres, así como do recordo que os homes teñen das mulleres que rodearon as súas vidas. Mulleres en primeira persoa e mulleres recordadas pero, en esencia, recordos vivenciais: a infancia, o traballo, o amor, a migración, etc.

Para participar nesta actividade cada quen achegará un par fotografías que sexan o fío condutor dos nosos recordos. Con todas elas elaborárase un álbum de recordos que se irá completado en futuros encontros. Serán testemuña das voces das comunidades que rodean os nosos museos: *a muller rural* en San Paio de Narla; *a muller e mar* no Museo Provincial do Mar; *a muller, clases sociais e discapacidade* no Museo Pazo de Tor; e *a muller e a arte* no Museo Provincial de Lugo.

REDES DE MULLERES

Club Sénior (Museo Provincial do Mar)

A muller está ligada ao mar a través de minuciosas redes tecidas ao longo da historia. O traballo das mulleres redeiras está enraizado na sociedade galega, porén o mar está tradicionalmente vinculado aos homes. Con este obradoiro queremos poñer en valor e facer visible o traballo das mulleres do mar.

A actividade consistirá en crear unha pequena instalación en forma de rede a partir do relato de experiencias de mulleres do mar, para nun segundo momento nutrir a rede de pequenos obxectos e recordos que deixen ver o labor das mulleres do mar.




#EXPRESÁNDONOSPOLAIGUALDADE

Club Ei! (4 museos da Rede)

Na sociedade actual existen numerosas redes sociais a través das cales homes e mulleres podemos expresar as nosas ideas e inquedanzas. Partindo da pregunta ¿que é para ti a igualdade? realizaremos unha instalación móbil na que cada participante terá que escribir nun *tuit*, 140 caracteres, explicando a súa idea sobre a igualdade. A instalación desenvolverase nos catro museos da rede e coa que os visitantes poderán interactuar con novos *tuits*, de maneira física ou virtual. Nun segundo momento, os participantes deberán percorrer as salas do museo e captar unha imaxe que exprese igualdade.

O *hashtag* creado en *twitter* recollerá todos os *tuits* e fotografías, e perseguirá como meta manterse activo ata o 25 de novembro, **Día Internacional contra a Violencia de Xénero** no que se fará unha exposición coas fotografías seleccionadas que mellor representen a igualdade. Está elección farana os propios participantes do club Ei!




MENSAXES POLA IGUALDADE

Club Ei! (4 museos da Rede)

A expresión artística non entendeu nin atendeu a espazos, polo que historicamente os graffitis representan a expresión máis libre de pensamento. Neste obradoiro analizaranse os graffitis como expresión artística e movemento reivindicativo, para nun segundo momento facer unha instalación propia. A partir de breves mensaxes que as persoas participantes crearán sobre a igualdade, elaboraranse os modelos que logo trasladarán á instalación mural que estará exposta durante un mes no museo e que tamén se publicarán periodicamente nas redes sociais co *hashtag*

#EXPRESÁNDONOSPOLAIGUALDADE



O ANTEFACE DA IGUALDADE.

Club Pequeamig@s da Rede

De 4 a 7 anos (nos catro museos da Rede)

Imaxinas que existise un anteface que permitise ver unha sociedade onde impera a igualdade? Con este obxecto máxico queremos promover que as nenas e nenos identifiquen situación de desigualdade por cuestións de xénero e expresen condutas igualitarias entre homes e mulleres ...

No obradoiro realizaremos un anteface da igualdade a través do cal observar o mundo con perspectiva de xénero.



STOP(motion) DESIGUALDADE

Club Pequeamigos

8-14 anos (MPLugo)

No obradoiro, a partir de diversas imaxes onde se mostran situación de desigualdade, os pequeamig@s falarán sobre a igualdade nos dereitos de homes e mulleres, manifestando as actitudes de desigualdade e promovendo condutas de igualdade a través da creación artística e do traballo en colaboración.

A partir de debuxos e recortes realizaremos unha video-creación a través da técnica do STOP MOTION onde mostraremos unha mensaxe que reivindique a igualdade efectiva de homes e mulleres.



DI(S)CAPACIDADE MULLER

Club Pequeamig@s

4-8 anos (Museo Pazo de Tor)

A Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade establece medidas contra a discriminación e medidas de acción positiva co fin de garantir a igualdade de oportunidades ás persoas con discapacidades. Neste ámbito a igualdade de xénero cobra máis relevancia xa que é dobremente importante reivindicar o papel da muller con discapacidade.

Para reivindicar o papel da muller con discapacidade no obradoiro coñeceremos as iconas que identifican as diversas discapacidades e faremos una reinterpretación poñendo como protagonista á muller para darlle visibilidade e sensibilizar sobre a igualdade.

